

## TEMA 2. - ARTE ROMANA: COMENTARIO DO ARCO DE TITO

**a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:** Arco de Tito. Edificio público de carácter civil da arte romana. Monumento conmemorativo. Trátase dun arco de triunfo decorado con relevos históricos. Época Imperial; Alto Imperio; Dinastía Flavia. Segunda metade do século I. Foi mandado construír polo emperador Vespasiano, fundador da dinastía flavia, como homenaxe ao seu fillo Tito e rematouse durante o mandato de Domiciano (irmán e sucesor de Tito). Localización: Foro da cidade de Roma. Material: mármore.

**c.- Analiza e comenta a obra:** os monumentos conmemorativos non teñen un carácter utilitario pero tamén reflicten a mentalidade dos romanos xa que se erixían para conmemorar algún acontecemento importante, especialmente conquistas e vitorias, ou en honor dalgún emperador, tendo pois un claro carácter propagandístico. Será durante a época imperial cando se constrúa o maior número de monumentos conmemorativos. Os máis destacados son as columnas conmemorativas e os arcos de triunfo: Ambos son construcións orixinais dos romanos. Os arcos de triunfo situábanse nas portas de entrada ás cidades e nos foros. Teñen forma de porta de cidade. Aseméllanse máis a macroesculturas que a arquitecturas. Os máis comúns, como o de Tito, tiñan un único arco, aínda que podían complicarse ata un total de tres arcos, o central máis alto e ancho.



Este arco conmemoraba a vitoria de Tito, que, como lugartenente do seu pai, o emperador Vespasiano, conquistara e espoliara a cidade de Xerusalén (no ano 70) trasladando a Roma os obxectos sagrados dos xudeus. Para celebrar dito acontecemento tivera lugar na cidade de Roma un desfile triunfal do exército romano encabezado por Tito no que os soldados portaban os obxectos espoliados.

O Arco de Tito é moi sobrio, ten un único arco e pouca decoración. Está construído en mármore. Levántase sobre un alto pedestal. No corpo central sitúase o arco con lintel e enxutas decoradas con vitorias aladas. A ambos lados do arco hai columnas de orde composta (as que están pegadas ao arco teñen fuste estriado, elemento novo na arquitectura romana) e entre elas ventás cegas (que tamén son un elemento novo). O conxunto remata cun ático rectangular sen elementos decorativos en cuxa parte central aparece unha inscrición na que figura: *Senatus populusque romanus divo Tito divi Vespasiani filius Vespasiano Augusto* (O Senado e o pobo de Roma ao divino Tito, fillo do divino Vespasiano, e a Vespasiano Augusto). O feito de que Tito apareza divinizado demostra que o arco foi construído despois da súa morte por encargo do Senado, como afirma a inscrición.

A bóveda de canón está decorada con casetóns (cadrados concéntricos) e nos muros laterais aparecen dous relevos históricos con forma rectangular, situados un fronte ao outro: O espolio de Xerusalén e Tito sobre unha cuadriga. Neles represéntanse os desfiles triunfais levados a cabo en Roma polo exército romano de Tito trala conquista de Xerusalén; trátase de relevos históricos que teñen un enorme sentido propagandístico.

- **O espolio de Xerusalén:** represéntase o desfile do exército romano na cidade de Roma portando os obxectos sagrados

espoliados aos xudeus (Candelabro dos Sete Brazos, altar e trompetas de prata). Represéntase a un cortello de soldados que avanza como se estivese dando unha curva: vén desde o fondo á esquerda cara ao primeiro plano e logo volve a afundirse pola dereita, onde pa-



sará baixo o propio arco no que está este relevo, o Arco de Tito (que non está colocado en perspectiva, polo que non produce sensación de profundidade; ademais o Arco é moi pequeno con respecto ás figuras producíndose unha total desproporción entre ambos: esta desproporción figura/obxecto é característica dos relevos romanos): esta composición do espazo produce certa sensación de profundidade que tamén se trata de conseguir nas figuras que van desde o alto ata o baixo relevo (algunhas moi difuminadas) e que nalgúns zonas están superpostas; a escena en conxunto produce grande sensación de dinamismo.

- **Tito sobre unha quadriga:** represéntase a Tito realizando o desfile triunfal en Roma. Aparece sobre unha quadriga no momento en que os cabalos están xirando nunha curva (polo que aparecen de perfil) namentres a quadriga está de fronte (como se viñera do fondo); esta colocación realízase por dúas causas: producir sensación de profundidade e destacar a figura de Tito ao colocala de fronte. Tito tamén destaca porque se sitúa máis alto que o resto dos personaxes (perspectiva xerárquica) e porque detrás del voa unha vitoria alada que coloca sobre a cabeza de Tito unha coroa de loureiro (símbolo dos vencedores). A figura feminina que precede á quadriga e leva das bridas aos cabalos simboliza a cidade de Roma. Na obra tamén se intenta conseguir a profundidade mediante a superposición das figuras (sobre todo dos cabalos). A sensación de dinamismo é moi grande.



do); esta colocación realízase por dúas causas: producir sensación de profundidade e destacar a figura de Tito ao colocala de fronte. Tito tamén destaca porque se sitúa máis alto que o resto dos personaxes (perspec-

tiva xerárquica) e porque detrás del voa unha vitoria alada que coloca sobre a cabeza de Tito unha coroa de loureiro (símbolo dos vencedores). A figura feminina que precede á quadriga e leva das bridas aos cabalos simboliza a cidade de Roma. Na obra tamén se intenta conseguir a profundidade mediante a superposición das figuras (sobre todo dos cabalos). A sensación de dinamismo é moi grande.

O máis interesante nestes relevos é a combinación do alto relevo das figuras do primeiro plano coas do fondo, nun baixísimo relevo, parecendo que entre ambas hai unha capa de aire (como se fose unha pintura, de aí que se diga que son relevos pictóricos) que produce unha extraordinaria sensación de profundidade.